

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE XULLO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada OU-540 situado entre os pp.qq. 18+490 e 18+900 da marxe dereita, a prol do Concello de Celanova.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago para a creación da cátedra institucional do "Camiño de Santiago e as Peregrinacións", por un importe total de corenta mil euros (40.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos da Consellería de Sanidade para os efectos da súa incorporación á sede electrónica mediante orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Ribeira, para a execución das obras de renovación de beirarrúas e servizos na avenida da Coruña, por un importe de cento noventa e nove mil trescentos dezasete euros con vinte e cinco céntimos (199.317,25 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Boiro, para a execución das obras de creación dun sendeiro na avda. Municipalidade de Avellaneda, por un importe de cento trece mil douscentos oitenta e un euros con trinta e catro céntimos (113.281,34 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Boqueixón, para a execución das obras de acondicionamento da travesía en Campo Rapado e outros, por un importe de noventa e cinco mil douscentos setenta e sete euros con trinta e dous céntimos (95.277,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Trasmiras, para a execución das obras de adecuación de espazos públicos no contorno da capela de Escornabois, por un importe de douscentos trinta e sete mil quince euros con trinta e seis céntimos (237.015,36 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cualedro, para a execución das obras de mellora do pavimento e servizos da rúa da Igrexa na Xironda e adaptación do toural da feira en Cualedro, por un importe de douscentos trece mil cincocentos vinte e oito euros con once céntimos (213.528,11 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Baltar para a execución de actuacións de saneamento en Baltar, concello de Baltar (Ourense), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello de Mos para a execución da actuación “Ramal de Reublín. Concello de Mos (Pontevedra)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello do Porriño para a execución da actuación “Nova rede de saneamento en puntos do rural do concello do Porriño (Pontevedra)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de catrocentos vinte e cinco mil euros (425.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e o Concello do Salceda de Caselas para a execución da actuación “Ramal de Arrotea. Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os efectos de sometelo ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a reorganización e humanización de vías no centro urbano de Miño, por un importe total de douscentos vinte e cinco mil douscentos corenta e nove euros con cinco céntimos (225.249,05€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e Abanca Corporación Bancaria, S.A. para a aplicación de descontos á mocidade no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de douscentos setenta e cinco mil trescentos oitenta e un euros con trece céntimos (275.381,13 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I+D+i, por importe de catrocentos vinte e cinco mil euros (425.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de douscentos nove mil douscentos euros (209.200,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de trescentos cincuenta e nove mil novecentos euros (359.900,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo, para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal, por un importe total de douscentos vinte e nove mil trescentos sesenta e oito euros (229.368,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda sexta ao convenio de colaboración, asinado o 18 de outubro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de douscentos nove mil douscentos cincuenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (209.254,64€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a asociación A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado no Centro de Educación Especial Juan María, situado en Nigrán, provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil dezaioito euros con corenta céntimos (14.018,40 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por un importe de setecentos vinte e sete mil euros (727.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre actuacións de saneamento e depuración levadas a cabo na ría de Ferrol- proxecto de saneamento da enseada da Malata en Ferrol.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a xestión das liñas de apoio da Xunta de Galicia ao financiamento de circulante para as explotacións leiteiras.
- Informe sobre o impulso á responsabilidade social empresarial (RSE) nas pemes.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das axudas para os titulares de explotacións leiteiras que estean en dificultades financeiras derivadas da súa actividade.

O CONSELLO APROBA DEFINITIVAMENTE O DECRETO DO CATÁLOGO DAS PAISAXES, QUE INCORPORA CATRO NOVAS ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE

- *O documento definitivo, tras incorporar as alegacións, inclúe 192 novos lugares de especial interese paisaxístico e 28 novos miradoiros*
- *Xunto coas directrices, ambos os documentos constituirán o Atlas das paisaxes de Galicia, que dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais na materia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto de aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, que delimita 211 áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) que abarcan un total de 252.595 hectáreas. Estas 211 AEIP, catro máis das recollidas no borrador, supoñen a protección do 8,54% do territorio galego como solo rústico de protección paisaxística

O documento que coñeceu hoxe o Consello da Xunta é xa o definitivo, tras pasar por un proceso de exposición pública en que se foron incorporando novidades como resultado das alegacións presentadas polos distintos sectores e pola poboación en xeral.

As principais novidades pasan pola incorporación de 192 novos lugares de especial interese paisaxístico, que deron lugar a catro novas AEIP (Pego Negro e San Xusto-Río Lérez na grande área paisaxística Rías Baixas, Foxo Vello-O Canelar na grande área Chairas, Fosas e Serras Ourensás e Coto de Codeseda na grande área Galicia Central), así como á ampliación doutras 11 áreas existentes.

Tamén se incluíron no catálogo todos os miradoiros solicitados nas alegacións que cumprían as condicións de accesibilidade mencionadas na memoria do Catálogo, o que deu lugar á inclusión de 28 novos miradoiros, pasando de 444 a un total de 472 os integrados no inventario do catálogo.

A participación pública foi fundamental para a elaboración deste documento. Así, tratouse de implicar os cidadáns desde o inicio do proceso e fíxose uso das novas tecnoloxías para incrementar a capacidade da sociedade de expresar as súas opinións e perspectivas.

Logo deste proceso de participación inicial, o catálogo tamén estivo en exposición pública entre o 12 de febreiro e o 30 de abril, período no cal se presentaron 80 alegacións. Tras a análise destas achegas, chegouse ao documento definitivo que se aprobou hoxe.

Contidos e vantaxes

O Catálogo das paisaxes de Galicia constitúe un documento de carácter técnico que inclúe: a identificación dos tipos de paisaxe; a delimitación das unidades de paisaxe; o inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área paisaxística; a análise das causas e o estado actual dos tipos de paisaxe; e a delimitación de áreas de especial interese paisaxístico.

Ademais, este traballo dispón de vantaxes como a transparencia; a atención ás demandas da cidadanía de participar nos asuntos públicos; maior seguridade xurídica; fomento da concienciación no coidado da paisaxe; e posta en valor da relevancia da paisaxe como recurso para o desenvolvemento económico.

O Catálogo, ademais de protexer as paisaxes excepcionais a través das AEIP, é o punto de partida para a protección, xestión e planificación da paisaxe de todo o territorio galego a través da identificación dos 258 tipos de paisaxe e a delimitación das 28.350 unidades de paisaxe que servirán de base para as directrices de paisaxe, nas cales xa se está traballando. O catálogo, xunto coas directrices constituirán, o Atlas das paisaxes de Galicia, que dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais en materia de paisaxe.

En calquera caso, cabe destacar que estamos ante un documento aberto e dinámico, xa que o propio decreto establece un procedemento de actualización de contidos, coordinación cos PXOM e instrumentos de ordenación territorial, e a creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE CELANOVA DUN TREITO DA ESTRADA OU-540, NO NÚCLEO RURAL DA LAMPAZA

- *A transferencia será efectiva ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase nun prazo dos dous meses mediante a sinatura da correspondente acta*
- *Corresponderanlle ao Concello de Celanova, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais*

O Consello da Xunta aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada OU-540, situado entre os pp.qq 18+490 e 18+900 da marxe dereita, no núcleo rural da Lampaza, a prol do Concello de Celanova.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou tramos que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Ao abeiro das previsións legais, a Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas emite informe favorable sobre o dito cambio de titularidade.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta.

Corresponderanlle ao Concello de Celanova, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que lle poida corresponder como nova Administración titular das estradas.



A XUNTA IMPULSA A PRIMEIRA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS

- ***A Axencia Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. da Catedral de Santiago colaborarán na súa creación co obxectivo de fomentar a investigación, a docencia e a difusión dos coñecementos do fenómeno xacobeo***
- ***A cátedra terá a súa sede no Centro Internacional de Acollida aos peregrinos en Santiago de Compostela***
- ***Turismo de Galicia continúa, así, coa a súa aposta pola formación de expertos orientados ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. da Catedral de Santiago para a creación da cátedra institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

O obxectivo da iniciativa é fomentar a investigación, a docencia e a difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación.

Deste xeito, a cátedra promoverá a difusión dos valores asociados coa peregrinación e inherentes ao fenómeno xacobeo mediante a realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión e o coñecemento do Camiño de Santiago.

Así mesmo, fomentará a promoción e organización daquelas iniciativas académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate cultural e académico no ámbito do Camiño de Santiago co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación cultural e universitaria.

Por outra parte, impulsará a colaboración con profesores e departamentos universitarios en todo o que favoreza a formación integral dos alumnos e promoverá a investigación no campo do Camiño de Santiago e a peregrinación a Compostela favorecendo, así mesmo, a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.

Outros dos obxectivos perseguidos por esta cátedra son a creación e mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas do Camiño de Santiago e disciplinas relacionadas e a inserción profesional dos estudantes universitarios procurando, así, que a cultura xacobeá se vincule cada vez máis estreitamente coa formación das promocións universitarias.

Aposta pola formación

A través do convenio, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no desenvolvemento da cátedra mediante unha achega económica de 40.000 euros dividida en dúas anualidades.

Deste xeito, con esta nova iniciativa a Axencia Turismo de Galicia continúa apostando por iniciativas conducentes á formación de alto nivel para a dirección e planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Cifras históricas de peregrinos

O Camiño de Santiago está a acadar cifras históricas neste ano 2016. Se no pasado ano 2015 recollían a súa Compostela un total de 262.515 peregrinos, o que supuxo un máximo histórico nun ano non santo e un incremento do 10,31% en relación aos peregrinos rexistrados no ano 2014, neste ano estas cifras van en aumento.

No que vai de ano xa chegaron a Compostela máis de 140.000 peregrinos, o que supón un incremento do 6%, unha cifra histórica para este período.

A XUNTA INCORPORA MÁIS PROCEDEMENTOS Á SEDE ELECTRÓNICA NO MARCO DO PLAN ACHEGA CO OBXECTIVO DE CHEGAR A PRETO DO CEN POR CENTO NO MES DE SETEMBRO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación á sede electrónica de 25 novos procedementos pertencentes á Consellería de Sanidade*
- *En 2014 o Goberno galego puxo en marcha o Plan Achega, co obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima coa cidadanía*
- *Coa incorporación destes novos procedementos á sede electrónica xa ascenden a 1.260 os trámites aos cales os galegos e galegas poden acceder de xeito electrónico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Orde para a adaptación e a incorporación á sede electrónica, <http://sede.xunta.es>, dun total de 25 novos procedementos administrativos correspondentes á Consellería de Sanidade, o que contribúe a seguir axilizando as relacións entre Administración e cidadáns de maneira máis simple e fluída. A día de hoxe, entre os procedementos ao abeiro do Plan Achega e os que se introduciron con anterioridade, os galegos e galegas xa poden acceder electronicamente a un total de 1.260 procedementos administrativos,

Desta volta, foron revisados un total de 58 procedementos da Consellería de Sanidade, dos cales 24 procedementos foron dados de baixa por non seren utilizados ou por estaren obsoletos, 6 procedementos xa foron incorporados á sede electrónica a través da súa propia regulación normativa específica e 3 deles serán incorporados á sede electrónica a través da súa propia regulamentación; finalmente serán 25 os que se incorporarán á sede electrónica da Xunta

Como alternativa, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta sen prexuízo da obrigatoriedade da utilización de medios electrónicos por parte de determinados suxeitos de conformidade coa normativa vixente.

Algúns dos procedementos que se incorporan son a solicitude do informe sanitario para concesión de augas de abastecemento, a inscrición no rexistro de entidades colaboradoras do plan de Galicia sobre drogas, a inscrición no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, ou a autorización de traslado de oficina de farmacia.

Tamén se incorporan a <http://sede.xunta.es>, a autorización dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, as autorizacións especiais para inhumación antes de


24 horas e exposición de cadáveres en lugares públicos, a licenza de funcionamento de fabricantes de produtos sanitarios a medida, ou a autorización das entidades de formación de aplicadores de tatuaxe, micropigmentación e piercing, entre outros.

Plan Achega 2014-2016

Esta orde enmárcase no Plan Achega que recolle unha serie de medidas concretas destinadas a revisar, dentro do período 2014-2016, os procedementos administrativos que aínda non permitían a súa iniciación electrónica para melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica, como garantía do principio de celeridade que a Administración galega

Os eixos centrais do Plan Achega son potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos á disposición do cidadán, a simplificación dos procedementos e a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade; é dicir, que non se lle pida presentar novamente ao cidadán documentos que a propia Administración poida obter directamente.

Coa incorporación destes 25 novos procedementos á sede electrónica da Xunta de Galicia, ascenderán a 1260 os procedementos que a Administración autonómica pon á disposición da cidadanía e das empresas para o seu acceso electrónico. Isto supón o 83% dos procedementos da Xunta de Galicia. Continuarase coa revisión e adaptación dos procedementos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sendo esta a última consellería que falta no marco do Plan Achega.



MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ UNS 860.000 EUROS Á HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS DE RIBEIRA, BOIRO, BOQUEIXÓN, TRASMIRAS E CUALEDRO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe cinco convenios de colaboración, que se inscriben no Plan Hurbe*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, investirá preto de 860.000 euros na humanización de distintos espazos urbanos pertencentes aos concellos de Ribeira, Boiro, Boqueixón, Trasmiras e Cualedro. Todos estes proxectos inscríbense no Plan Hurbe, impulsado polo Goberno galego.

No caso de Ribeira, un orzamento de case 200.000 euros permitirá a renovación das beirarrúas na Avenida da Coruña, co obxectivo de dotar este espazo de maior seguridade viaria e peonil. Procederáse, así mesmo, á renovación das redes de pluviais de saneamento. En todo o itinerario das beirarrúas habilitaranse, en puntos estratéxicos, pasos adaptados para mellorar as condicións de accesibilidade.

En Boiro, as actuacións centraranse fundamentalmente en solucionar os problemas de accesibilidade entre a avenida da municipalidade de Avellaneda e a avenida da Constitución. Tamén se eliminarán torretas de iluminación; pavimentarase; repararase o axardinamento; instalarase mobiliario urbano; e executarase un novo sistema de iluminación. Para acometer todos estes traballos, a Xunta investirá algo máis de 113.000 euros.

Pola súa banda, a achega prevista para Boqueixón será próxima aos 95.000 euros e empregárase para pavimentar as vías da travesía de Camporrapado, travesía de León (Oural), o acceso á Casa da Cultura, e a rúa Ponteledesma. Ao cargo deste orzamento tamén se acometerán canalizacións para a recollida de pluviais e para a construción de beirarrúas.

Xa por último, o Consello autorizou dous convenios en materia de urbanismo na provincia de Ourense: Trasmiras e Cualedro. As obras de Trasmiras, que estarán financiadas con algo máis de 237.000 euros, consistirán na pavimentación con lastros de pedra de granito silvestre moreno no contorno da capela de Escornabois; no acondicionamento da zona de parque infantil coa colocación dun pavimento anticaídas elástico; e na instalación de iluminación pública e mobiliario para a realización de exercicios biosaudables. Finalmente, en Cualedro investiranse uns 213.000 euros na mellora do pavimento e servizos da rúa da Igrexa na Xironda, para que o espazo resulte máis atractivo; así como na adaptación do toural da feira en Cualedro para a súa utilización como área de lecer por parte dos usuarios da residencia de anciáns e do centro de día situado nesa parcela.

Plan Hurbe

Estas tres actuacións inscríbese no Plan Hurbe, posto en marcha en 2010 polo Goberno galego e que ten un triplo obxectivo: fomentar a humanización das vilas; favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos; e promover o reequilibrio territorial en Galicia. Para conseguilo, o Plan Hurbe inclúe tres programas de actuación: humanización das rúas, urbanización e mellora de espazos públicos; e equipamentos públicos, referidos especialmente aos de carácter cultural e social.

Ao abeiro do Plan Hurbe, téñense executado 105 actuacións, cun investimento total de 112 millóns de euros. Para este ano, o investimento para toda Galicia ascende a uns 11 millóns de euros: 6 millóns previstos nos orzamentos, máis unha ampliación de 5 millóns grazas ao orzamento recibido polo cumprimento da Comunidade Autónoma co déficit.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA CATRO CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUGAS POR UN IMPORTE DE 1,26 MILLÓNS DE EUROS

- ***Os concellos beneficiarios destes proxectos serán Baltar, Mos, O Porriño e Salceda de Caselas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un total de catro convenios de colaboración en materia de augas por un importe de 1,26 millóns de euros (1.260.000 €), que estarán cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Neste caso, os concellos beneficiarios destes proxectos en materia de saneamento serán: Mos, O Porriño e Salceda de Caselas, coa colaboración do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro. Así como, o Concello de Baltar, na provincia de Ourense.

Os tres convenios enmarcados na colaboración co Consorcio do Louro contan cun orzamento total de máis dun millón de euros. O obxectivo é conectar as augas residuais de áreas rurais destes concellos co sistema xeral de saneamento do Louro e tratalas na EDAR de Guillarei.

En concreto, o convenio co Concello de Mos consistirá na execución de nove ramais de colectores que van permitir a conexión á rede existente dun núcleo de vivendas na parroquia de Pereiras, que ata agora non dispoñía de saneamento. A actuación contará cun orzamento de 500.000 euros.

No Porriño as actuacións consistirán na construción dunha nova rede de saneamento na zona de Vacaría, na parroquia de Budiño, que ata agora non dispoñía dela. O orzamento ascende a 425.000 euros.

No caso de Salceda de Caselas as obras consistirán na execución de dous ramais de colectores que permiten conectar o núcleo de vivendas en Arrotea, na parroquia de Salceda, á rede xa existente. O investimento será de 135.000 euros.

Concello de Baltar

Pola súa banda, no concello de Baltar as actuacións -ás cales se destinarán 200.000 euros- consistirán na eliminación e concentración dos diferentes puntos de vertidos existentes na rede de saneamento do núcleo de Baltar, canalizándoos ata a depuradora de oxidación total existente.

O REGULAMENTO DA NOVA LEI DO SOLO REMÍTESE AO CONSELLO CONSULTIVO CO OBXECTIVO DE APROBALO NO MES DE SETEMBRO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo ao Decreto de regulamento, co fin de que este órgano de consulta se pronuncie sobre el e poida ser aprobado definitivamente despois do verán*
- *Cómpre recordar que a Lei do solo (Lei 2/2016, que entrou en vigor o pasado 19 de marzo) é a primeira da historia de Galicia co seu propio regulamento*
- *Trátase dun documento que inclúe a xestión, planeamento e disciplina, feito que facilita a aplicación e consulta, incorporando aclaracións e contidos; e clarexa a interpretación da lei*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao Decreto de Regulamento de desenvolvemento da nova Lei do solo, que avanza na súa tramitación co envío ao Consello Consultivo para a súa análise e posteriormente a súa aprobación definitiva en Consello da Xunta despois deste verán.

Así pois, trátase dun trámite previo á súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta, prevista para o mes de setembro, tal e como se analizou desde a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016 do solo de Galicia ten como obxectivo facilitar a súa aplicación entre os axentes que interveñen na transformación do territorio, é dicir, os técnicos de todas as administracións, arquitectos, arquitectos técnicos, xurídicos, enxeñeiros, notarios, rexistradores, etc.

Grazas a este documento facilítase a aplicación e consulta, xa que mantén a estrutura da lei e incorpora o regulamento, o que facilitará a súa consulta nun único documento, incorporando as aclaracións e contidos que se consideran necesarios.

Por outra banda, clarexa a interpretación da lei, achega seguridade xurídica e fai un esforzo por facilitar a súa comprensión por parte dos cidadáns, fixando definicións de conceptos urbanísticos homoxéneos para todos os concellos, incorporando fichas técnicas para facilitar a aplicación da lei, como por exemplo unha listaxe de informes sectoriais requiridos na tramitación dos instrumentos de planeamento ou un modelo de ficha resumo en que se detallan todos os datos que recolle un plan xeral de ordenación municipal.

A importancia deste documento tamén radica no feito de que a Lei 2/2016, do solo de Galicia, é a primeira da historia de Galicia co seu propio regulamento. Foi redactado polo mesmo persoal técnico da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e

Urbanismo que previamente redactou a Lei do solo e que paralelamente traballou nestes dous textos que conforman o novo marco normativo urbanístico galego.

É un regulamento integral, que inclúe a xestión, o planeamento e a disciplina, o que facilitará considerablemente aos técnicos o traballo de aplicación xa que unifica e modifica aos tres regulamentos anteriores (os estatais de xestión e Planeamento, vixentes dende 1978, e o autonómico de disciplina, aprobado en 1999).

A nova Lei do solo

A nova Lei do solo é un texto que nace do consenso e do diálogo, con vocación de futuro e de permanencia e que permite facer entre todos unha Galicia ordenada, sustentable, capaz de crecer e de ser competitiva, ao tempo que respecta o seu patrimonio, os seus valores naturais e a súa paisaxe.

Esta nova lei foi un dos proxectos legislativos máis importantes da actual lexislatura, que pon o interese xeral por riba de calquera interese privado ou particular e que blinda a autonomía municipal.

Unha das principais medidas que recolle esta lei é a creación de novas figuras como o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais, destinados a servir de apoio aos concellos con menos de 5.000 habitantes; e simplifica o proceso creando un informe único autonómico. Tamén é un texto máis sinxelo e simplificado, para facilitar e axilizar a redacción dos planeamentos urbanísticos dos concellos galegos, de xeito que todos poidan contar cun instrumento de ordenación.

Outros dos valores desta nova normativa son a súa aposta por revitalizar o rural, potenciando os usos produtivos do rural de forma compatible cos seus valores naturais e culturais; ou promover a participación activa da cidadanía, ao crearse o Rexistro de Planeamento e a Plataforma urbanística de Galicia, seguridade xurídica e máxima transparencia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MIÑO PARA A MELLORA DE VARIAS RÚAS NO CENTRO URBANO DESTA LOCALIDADE

- *A Axencia Galega de Infraestruturas destinará un investimento de máis de 225.000 euros para as actuacións de mellora no Concello de Miño*
- *Con este convenio estase a reforzar a seguridade viaria mediante a reorganización e humanización das vías, facéndooas máis cómodas e accesibles para todos os veciños*
- *Este proxecto solucionará os problemas actuais de accesibilidade e mobilidade mediante a rehabilitación do firme, incrementando o ancho das beirarrúas, e executando unha rampla adaptada de acceso á igrexa*
- *A Xunta trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a mellora de varias rúas no centro urbano desta localidade.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da AXI, financiará estas actuacións mediante a achega dun investimento de máis de 225.000 euros.

Entre os traballos recollidos, atópase a mellora da rúa Galea, que se corresponde cun treito da estrada AC-160 transferido pola Xunta ao Concello; da rúa Real e do contorno que rodea a igrexa. Este proxecto inclúe tamén a modificación das beirarrúas existentes para incrementar o seu ancho e a mellora do firme deteriorado nestas áreas.

Así mesmo, no contorno da igrexa, espazo en conexión coa avenida Carreira e a rúa Galea, eliminarase o paso actual que presenta unha pendente desproporcionada, que será substituída por unha rampla adaptada á normativa en materia de accesibilidade co que se conseguirá liberar espazo no contorno da igrexa facendo mais sinxela a mobilidade de tódolos usuarios.

Por último, ordenarase tamén a construción dun aparcadoiro público.

A Xunta, en colaboración co Concello de Miño, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

Cómpre lembrar que nos anos 2014 e 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas xa colaborou co Concello de Miño na mellora doutra rúa do núcleo urbano, a rúa Granada.

O Goberno autonómico financiou con máis de 164.000 euros as obras, que consistiron na substitución e mellora da rede de abastecemento, e na transformación da rede de saneamento unitaria existente nunha rede separativa de fecais e pluviais. Ademais, mellorouse o pavimento, co fin de adaptalo á complexidade da xeometría da rúa, e permitir a coexistencia da circulación rodada e o tráfico peonil.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS NA IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE DO TRANSPORTE METROPOLITANO PARA USUARIOS DE ATA 18 ANOS

- *O Goberno galego porá en marcha neste mesmo trimestre esta nova medida social que permitirá que preto de 200.000 mozos realicen ata 60 viaxes interurbanas ao mes*
- *O Consello autoriza un convenio con Abanca para a produción e xestión das tarxetas de transporte 'Xente Nova', que se distribuirán de forma gratuíta entre os usuarios*
- *Con esta medida, que a Xunta activa grazas á capacidade de gasto extraordinaria acadada polo cumprimento do déficit, promóvese o uso do transporte público e contribúese de forma significativa á economía das familias*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de preto de 4 millóns de euros na implantación do transporte metropolitano gratuito para os usuarios de ata 18 anos. O Goberno galego prevé pór en marcha neste mesmo trimestre esta nova medida social, que é posible grazas á capacidade de gasto extraordinaria da que dispón a Administración autonómica como consecuencia do cumprimento das súas obrigas de déficit.

Coa posta en marcha do programa de transporte *Xente Nova*, a Xunta financiará o 100% do custo das viaxes interurbanas que realicen ao abeiro do Plan de transporte metropolitano os novos de entre 4 e 18 anos, xa que, con carácter xeral, os menores de 4 anos non están na actualidade obrigados ao pagamento do billete.

Para o financiamento desta medida, a Xunta prevé un investimento plurianual de 2,7 millóns de euros, coa posibilidade de aprobación de prórrogas posteriores, de forma coordinada coas prórrogas de funcionamento coas distintas áreas de transporte metropolitano.

Con este investimento, garántese que os mozos de ata 18 anos poderán realizar de balde eses desprazamentos interurbanos ata un máximo de 60 viaxes ao mes, garantíndose a realización de, polo menos, unha viaxe de ida e volta gratuíta todos os días do mes, incluídas as fins de semana.

Estímase que se beneficiarán desta nova medida preto de 200.000 mozos galegos, tendo en conta que en vindeiras datas o Plan de transporte metropolitano –que xa funciona en 5 áreas e 66 concellos- se porá en marcha en oito concellos da área de Ourense.

O obxectivo desta iniciativa é garantir un mellor futuro á mocidade galega, a través dunha medida de claro compoñente social, ao contribuír á economía das familias. Tamén hai unha compoñente educativa, ao facilitar o acceso á formación non obrigatoria, estendendo a gratuidade do transporte aos centros e a outros desprazamentos habituais dos nenos e mozos. Trátase de fomentar entre os máis novos unha mobilidade sustentable e respectuosa co medio, concienciándoos dende cativos das vantaxes do transporte público fronte ao vehículo particular.

O Consello da Xunta autorizou hoxe tamén o convenio de colaboración entre a Xunta e a entidade financeira Abanca para a emisión e xestión da tarxeta metropolitana de Galicia *Xente Nova*, que será o medio para acollerse á gratuidade no transporte.

O sistema informático procesará quincenalmente os datos das viaxes pagadas coa tarxeta *Xente Nova* para calcular os datos dos reintegros que deben operar respecto de cada tarxeta. Os días 5 e 20 de cada mes poranse á disposición das persoas titulares destas tarxetas os reintegros que lles correspondan para a súa aceptación nos caixeiros da entidade financeira colaboradora.

Os usuarios poderán acceder ás tarxetas de forma gratuíta, xa que no caso da TMG *Xente Nova*, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda subvencionará o cen por cento do custo. Esta media supón tamén unha vantaxe engadida para os novos con respecto ao resto de usuarios do Plan de transporte metropolitano, para os cales a tarxeta está bonificada parcialmente pola Xunta e ten un prezo de 2 euros.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS AOS CONTRATOS-PROGRAMA DO CSIC E TRES FUNDACIÓNS SANITARIAS GALEGAS PARA IMPULSAR A RETENCIÓN DE TALENTO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, apoia o financiamento das entidades Profesor Novoa Santos, Ramón Domínguez e Biomédica Galicia Sur, ademais do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, co obxectivo de que fomenten programas de I+D+i*
- *A contía de 2016 para estas catro institucións incrementouse en 125.000 euros con respecto ao ano 2015*
- *Esta iniciativa favorece a consolidación destes centros e a potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento*
- *Os contratos-programa, aos cales o Goberno galego destinou máis de 17 millóns de euros desde a súa posta en marcha, vinculan o financiamento público aos resultados obtidos por cada centro en eidos como a transferencia de coñecemento e a captación de fondos europeos*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), apoiará mediante a posta en marcha de contratos-programa, por un total de 1,27 millóns de euros, o labor que desenvolven o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e as fundacións sanitarias galegas Profesor Novoa Santos, Ramón Domínguez e Biomédica Galicia Sur, entidades que contribúen ao impulso de programas de I+D+i, potenciando a transferencia de resultados das súas investigacións ao tecido empresarial galego para que actúe como motor de crecemento económico. Este acordo, aprobado hoxe no Consello da Xunta, supón incrementar en 125.000 euros a contía global destinada o ano pasado a estas catro entidades.

As axudas, que están ligadas á obtención de resultados contrastables, permiten fomentar a consolidación destes centros e a potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico-técnica e a valorización do coñecemento. Ao mesmo tempo, foméntase a captación de fondos dos programas europeos; e poténciase a atracción e retención de talento mediante accións centradas no capital humano, a través da contratación e consolidación de persoal de I+D e iniciativas de formación.

Os contratos-programa, impulsados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, teñen como particularidade, con respecto a outras axudas, que se outorgan conforme os resultados obtidos por cada centro. Deste modo, os contratos programa premian ás institucións que acaden mellores resultados en distintos indicadores, como a captación de fondos europeos, a colaboración con empresas galegas, ou a transferencia dos resultados científicos ao mercado, de forma que se xere riqueza e emprego.

A Xunta destina máis de 3,2 millóns de euros para os tres tipos de contratos-programa cos que conta este ano, o que supón un incremento do 4% con respecto a 2015, cando foron 3.092.000 euros. Ademais do CSIC, ao cal destina 425.000 euros, e doutras entidades -con 919.481,13 euros e entre as cal se encontran as fundacións sanitarias-, existe unha terceira modalidade de contratos-programa para os centros tecnolóxicos. De feito, para estes últimos abriuse para esta convocatoria, cuxo prazo de presentación de propostas rematou a semana pasada, cun importe total que ascende a 1.872.000 euros.

No caso concreto do CSIC, a achega económica para 2016 é de 425.000 euros. Mentres que, no caso das tres fundacións sanitarias a contía chega aos 844.481,13 euros, repartidos da seguinte forma: 359.900 euros para a Fundación Ramón Rodríguez; 275.381,13 euros para Biomédica Galicia Sur e 209.200 euros para a Fundación Profesor Novoa Santos. Deste xeito, a suma total das axudas para estas tres entidades en 2016 é de 844.481,13 euros, o que supón un incremento de preto de 100.000 euros con respecto ao ano anterior.

Os contratos-programa, aos cales a Xunta destinou 17,23 millóns de euros desde a súa posta en marcha en 2010, enmárcanse na Estratexia de especialización intelixente-RIS3, que ten na captación de financiamento, o apoio ao talento galego e a transferencia de resultados da investigación ao mercado tres prioridades fundamentais.

Esta colaboración coas fundacións sanitarias e o CSIC súmase aos apoios que a Consellería de Economía, Emprego e Industria xa ten posto á disposición dos centros tecnolóxicos a través dos programas Ininterconecta e Conecta Pemes, que están deseñados para unha activa participación dos centros tecnolóxicos. Ademais, Gain ten posto en marcha outros programas que buscan a retención de talento en Galicia, como o Oportunius, reforzando así a capacidade de innovación excelente de Galicia.

EDUCACIÓN APOIA AS UNIVERSIDADES PARA A CAPTACIÓN DOS INVESTIGADORES MÁIS EXCELENTES

- ***A Consellería destina máis de 229.000 euros para que a USC e a UVigo incorporen científicos no marco do programa Ramón y Cajal***
- ***A Xunta avanza na captación, formación e retención do talento como unha das liñas estratéxicas para o fornecemento do Sistema galego de I+D+I***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 229.638 euros a cofinanciar a captación, por parte das universidades galegas, de científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador que é beneficiario do subprograma Ramón y Cajal (do Ministerio de Economía e Competitividade).

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Consellería e as universidades de Santiago (USC) e de Vigo (UVigo) para que poidan incorporar nos seus campus os investigadores máis excelentes.

Grazas ao apoio da Consellería, a USC e a UVigo poderán contratar laboralmente os seis candidatos seleccionados a tempo completo durante cinco anos e coas condicións establecidas no Ramón y Cajal (RyC). As axudas do Ministerio no marco deste programa teñen un importe de 1.851.600 euros que, sumados á achega de 229.368 euros, acadan un importe total de máis de 2 millóns de euros.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos.

A achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a este programa faise no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

Este convenio responde a unha das liñas estratéxicas da Xunta de Galicia que é a captación, formación e retención do talento co fin de fortalecer o Sistema galego de investigación. Esta iniciativa súmase a outras xa desenvolvidas como o financiamento de 175 contratos predoutorais e posdoutorais para a potenciación e consolidación da carreira científica de 175 investigadores, ás cales a Consellería destina máis de 16 millóns de euros; ou os preto de 15 millóns de euros para o financiamento estrutural e continuado dos grupos e redes de investigadores que actualmente traballan no ámbito universitario.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA O SEU APOIO Á FUNDACIÓN ECCA PARA FACILITAR A OBTENCIÓN DO GRADUADO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- *A Consellería destinará seis profesores a este programa formativo que, a través das emisións radiofónicas de clases, axuda a obter esta titulación ás persoas que non poden asistir de forma regular ás clases*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiará, un ano máis, á Fundación ECCA no programa formativo que esta entidade desenvolve para facilitar que as persoas adultas obteñan o título de Educación Secundaria Obrigatoria. Para iso, hoxe o Consello da Xunta deu luz verde á sinatura da addenda ao convenio a través do cal ambas as entidades veñen colaborando desde o ano 2005, e polo que o departamento educativo da Xunta destinará seis profesores a este programa.

Pola súa parte, a Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía -baseada nas emisións radiofónicas-, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Unha metodoloxía especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia regular ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

Deste xeito, o obxectivo desta iniciativa é favorecer a formación das persoas ao longo da vida, co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

CULTURA E EDUCACIÓN AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN PARA FACILITAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO CON DISCAPACIDADES

- ***A aprobación dunha nova colaboración nesta materia coa asociación 'A Esperanza do Val Miñor' eleva a case 450 os usuarios beneficiados e a máis de 190.000 euros o orzamento destinado a este fin***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria impulsa a colaboración coa asociación A Esperanza do Val Miñor para a posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado no Centro de Educación Especial Juan María (Nigrán). Este acordo súmase ás addendas aos convenios asinados ao longo do 2015 autorizadas xa polo Consello da Xunta con outras dez asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades e coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Deste xeito, o número de usuarios beneficiados ascende a case 450 para o curso 2016/17 e o orzamento destinado pola Consellería para este fin elévase a máis de 190.000 euros. Cómpre lembrar que o obxectivo destes convenios é garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario á hora de prestarlles o servizo educativo complementario de comedor escolar.

Atención específica e preferente

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

Deste xeito, as diferentes asociacións e entidades comprométense a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o remate das clases matinais e o propio remate do servizo de comedor. Do mesmo xeito, articulase a colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, a fin de que os alumnos do Centro de Educación Especial Príncipe Felipe poidan comer nas instalacións do Centro Príncipe Felipe, de titularidade provincial, radicado preto do CEE.

Ademais, cómpre sinalar o carácter educativo que ten o comedor escolar para este alumnado con distintos tipos de discapacidades, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Servizo de transporte adaptado

Dun xeito complementario, a Xunta tamén vén garantindo o servizo de transporte escolar adaptado para estas persoas. Deste xeito, o vindeiro curso beneficiaranse 378 alumnos e alumnas deste servizo, en virtude das addendas asinadas aos 12 convenios subscritos ao longo do 2015 con asociacións especializadas, acordos de colaboración aos cales a Consellería destina máis dun millón de euros.

GALICIA REALIZOU UN TOTAL DE 210 TRANSPLANTES ALOXÉNICOS NON EMPARENTADOS DESDE O ANO 2008

- *O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Sergas e a Fundación Josep Carreras, para fomentar a doazón de medula ósea*

O Servizo Galego de Saúde realizou un total de 210 transplantes aloxénicos non emparentados dende que se empezaron a facer nesta comunidade no ano 2008. Destes, 28 realizáronse durante o 2014, e 30 no 2015, mentres que no primeiro ano unicamente se realizaron 6.

Ademais, dende o ano 1998 fixéronse 365 transplantes autólogos emparentados e 2.020 transplantes autólogos.

Tipos de transplante de medula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente. Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles. Os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

Doutra banda, o número de doadores foi en aumento durante os últimos anos, chegando aos 1.347 no pasado ano 2015 e, no que vai de ano, rexistráronse 804 doadores máis.

Convenio coa Fundación Josep Carreras

Co fin de fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante de proxenitores hematopoéticos, o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Sergas e a Fundación Josep Carreras, por un importe de 727.000 euros.

Sinalar que o transplante aloxénico non emparentado é un tipo de transplante que se produce cando non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia, polo que hai que buscalo en calquera parte do mundo.

Cando se dá esta situación, iníciase unha busca a nivel mundial a través do Rexistro de Doadores de Medula Ósea (REDMO), que é o procedemento estándar neste tipo de casos en todo o mundo. O sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais– o Rexistro de Doadores de Medula Ósea e a Organización Nacional de Transplantes - permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso a doazón e avalar, tras anos de funcionamento, a eficiencia contrastable deste sistema, que hoxe en día é incuestionable desde calquera ámbito, tanto clínico, como administrativo, organizativo ou social, e que constantemente é validado con importantes e continuos recoñecementos internacionais. Este sistema ponse como exemplo da boa práctica, da súa rede de alerta, así como polo seu carácter anónimo e gratuíto.

En España, isto faise a través da Fundación Josep Carreras. Para este tipo de transplantes a fonte das células pode ser a medula ósea, o sangue periférico ou ben o sangue de cordón umbilical.

A XUNTA COMPLETARÁ COS INTERCEPTORES DA MALATA O SANEAMENTO DA RÍA DE FERROL

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta do saneamento da ría e no que se detalla a última fase do proxecto*
- *O Goberno galego deu luz verde á tramitación do último tramo de interceptores xerais, correspondente á zona da Malata, que xa dispón de proxecto e que será asumido integramente pola Xunta a través dun investimento de máis de 7 millóns de euros*
- *Grazas a esta última achega, o investimento global da Xunta no saneamento da ría ascenderá a máis de 103 millóns*
- *En 2011 rematouse a primeira fase de saneamento da marxe norte coa execución da EDAR de Cabo Prioriño, xunto co emisario submarino e o terrestre*
- *En 2014 comezouse a segunda fase nesta marxe, que se centrou na rehabilitación e ampliación dos colectores interceptores de Ferrol e Narón, uns traballos que están xa practicamente rematados*
- *A Xunta tamén actuou na marxe sur -nos concellos de Ares, Fene e Mugardos-, executando infraestruturas de depuración e colectores xerais de saneamento*

A Xunta está xa en disposición de acometer a que será a última fase que completará de xeito definitivo o saneamento da ría de Ferrol. Así, a consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio xa dispón do proxecto correspondente ao último tramo de interceptores xerais na zona da Malata, para os cales se prevé un orzamento duns 7 millóns de euros. Grazas a esta última achega, o investimento global por parte da Xunta no saneamento da ría ascenderá a máis de 103 millóns de euros.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta da evolución do saneamento da ría, así como tamén explica os detalles da última fase que está pendente de acometer.

Ata o momento, o Goberno galego ten realizado un importante esforzo de saneamento tanto na marxe norte, onde se concentra a maior parte da poboación, como na marxe sur.

A primeira fase de saneamento da marxe norte rematouse en 2011, e supuxo a execución da EDAR de Cabo Prioriño, así como dos emisarios submarino e terrestre.

Logo destes traballos, en 2014 comezouse a acometer a segunda fase, que se centrou nos colectores interceptores da rede xeral de Ferrol e Narón. Esta actuación, á súa vez, dividiuse en tres tramos: A Malata-A Gándara, Gándara-Cadaval e Cadaval-Neda. Todos eles están xa rematados, agás o último que está actualmente en execución, pero que se prevé que estea finalizado en setembro deste ano.

Pola súa banda, na marxe sur, a Xunta asumiu integramente a execución de infraestruturas de depuración e colectores xerais nos concellos de Ares, Fene e Mugaros. Entre outras actuacións, executouse unha nova EDAR en Punta Avarenta, así como una extensa rede de colectores xerais nestes tres concellos. Todos estas instalacións están tamén en servizo.

Proxecto da Malata

Con todo, como se indicaba anteriormente, o saneamento da ría está practicamente resolto, pero para completalo é preciso conectar a poboación que se asenta no contorno da Malata á nova rede de interceptores xerais.

Para conseguilo, a Xunta redactou un proxecto que define as actuacións necesarias para dar continuidade ao interceptor xeral do tramo Malata-A Gándara cara á zona da enseada da Malata ata A Graña. As novas infraestruturas proxectadas compóñense de: dous tanques de tormentas; a estrutura da regulación da Malata; a construción dunha rede de colectores xerais de saneamento; e a remodelación do bombeo existente na zona da Cabana.

O proxecto, que disporá dun orzamento de máis de 7 millóns de euros, dará servizo a unha poboación duns 15.000 habitantes equivalentes.

A XUNTA CREA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA DOTAR DE LIQUIDEZ AS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN DIFICULTADES

- *Os beneficiarios serán titulares de granxas que se atopen nunha situación de endebedamento derivada dun investimento feito no seu día para mellorar as súas granxas*
- *Tamén se poderán acoller a estas subvencións aqueles gandeiros que teñan pagamentos pendentes cos seus provedores*
- *Doutra banda, o Consello tamén avaliou o balance do programa financeiro creado hai seis meses entre Medio Rural e Economía, Emprego e Industria para reforzar o acceso ao financiamento das explotacións leiteiras*
- *Nos primeiros seis meses deste programa investíronse máis de 300.000 euros para apoiar o funcionamento de 84 explotacións leiteiras e a mobilización de 4 millóns de euros.*

O Consello da Xunta avaliou esta mañá unha nova orde de axudas que a Consellería do Medio Rural ofrecerá a titulares de explotacións leiteiras que estean en dificultades financeiras derivadas da súa actividade. O orzamento desta nova liña é de 3 millóns de euros, que se materializará como axuda *de mínimos*, polo que o importe máximo que perciba cada beneficiario estará limitado a 15.000 euros.

En concreto, poderán solicitar estas achegas os titulares de explotacións agrarias de vacún de leite que teñan impagamentos ou embargos en relación cun préstamo concedido para a mellora da súa explotación, así como resolucións ou providencias de embargo de bens propios ou alleos por débedas relacionadas coa mellora da súa granxa. Ademais, inclúense tamén modificacións das condicións do crédito concedido e débedas vencidas e non pagadas con provedores da súa explotación gandeira vencidas. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Grazas a estas novas achegas, a Xunta de Galicia pretende dotar de liquidez aqueles titulares de explotacións que se atopan en dificultades económicas, pero que no seu momento apostaron por mellorar e modernizar as súas granxas. Para iso, moitos tiveron que solicitar algún tipo de crédito que os introduciu nun estado de endebedamento. Para afrontar esta situación, a Consellería do Medio Rural ofrecerá ata 15.000 euros para facer fronte aos impagamentos.

Deste xeito, preténdese non só garantir o futuro destas explotacións, senón contribuír ao desenvolvemento do campo, xa o que o leiteiro é un sector estratéxico para Galicia que, ademais de xerar un produto alimenticio de primeira calidade, desenvolve unha función social, xerando emprego e evitando o despoboamento do rural.

Estas axudas súmanse ademais ao programa posto en marcha en conxunto polas Consellería de Economía, Emprego e Industria e de Medio Rural para reforzar o acceso ao financiamento das explotacións leiteiras. Estes apoios teñen un orzamento de 1,9 millóns de euros en fondos públicos para xerar 10 millóns en investimentos. Con estes apoios búscase facilitar ás explotacións leiteiras galegas o acceso a financiamento bancario, rebaixando os xuros daqueles préstamos concedidos para o refinanciamento de pasivos, e diminuíndo tamén estes custos financeiros nos créditos para o acceso a circulante.

Ata o de agora, tras algo máis de seis meses en activo deste programa, alcanzáronse máis de 300.000 euros investidos para apoiar o funcionamento de 84 explotacións leiteiras, e a mobilización de 4 millóns de euros. Cómpre lembrar que o prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o próximo 31 de outubro.

Estes apoios enmárcanse no paquete financeiro específico en favor da industria e dos gandeiros, avanzado a finais de 2015 e que suma 40 millóns de euros. Trátase de tres liñas de apoio, coas cales o Goberno galego pretende estimular a creación de máis industria en Galicia para xerar produtos máis diversos e de máis valor, facilitando os préstamos e os avais necesarios (que mobilizará 15 millóns); impulsar que as pemes gañen tamaño e poidan competir a nivel internacional, ben sexa a través de tomas de participación, ben con préstamos participativos (que xerará outros 15 millóns en investimentos); e garantir que as explotacións leiteiras poidan refinciar o seu circulante pasivo a custo cero, que é a liña avaliada hoxe polo Consello e que busca mobilizar 10 millóns.

A XUNTA IMPULSA CON MÁIS DE 800.000 EUROS A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL, A IGUALDADE E A CONCILIACIÓN ENTRE AS PEMES

- *O Goberno galego activa con 600.000 euros, case o dobre que en 2015, un programa de axudas para a implantación da RSE nas pemes, a elaboración de plans de igualdade e a conciliación da vida laboral, familiar e persoal*
- *Os apoios de Economía, Emprego e Industria, dos cales se poderán beneficiar arredor de 200 empresas, oscilarán entre 2.500 e 12.000 euros por compañía*
- *Pon en marcha, doutra banda, o programa Responsabilízate para impulsar entre un centenar de firmas a implantación da RSE ofrecéndolles un servizo de titorización para a diagnose, formación e posta en marcha dun plan neste ámbito*
- *Esta actuación de Economía, Emprego e Industria enmárcase na Axenda 20 coa que o Goberno galego está a promover o emprego estable e de calidade*
- *A Administración autonómica incrementou este ano nun 8% o orzamento global para impulsar a RSE*

A Xunta de Galicia activou dous programas para impulsar entre as pequenas e medianas empresas de Galicia a responsabilidade social empresarial. Para iso, investirá máis de 800.000 euros en diferentes tipos de axudas, das cales se poderán beneficiar unhas 200 firmas, e na posta en marcha do programa Responsabilízate para impulsar entre un centenar de firmas a implantación da RSE ofrecéndolles un servizo de titorización para a diagnose, formación e posta en marcha dun plan neste ámbito.

Por unha banda, a liña de axudas, cun investimento de preto de 600.000 euros, case o dobre con respecto a 2105, inclúe apoios por peme ou micropeme, incluído autónomos, de entre 2.500 e 12.000 euros. Esta iniciativa da cal se informou hoxe no Consello da Xunta e que sae publicada hoxe mesmo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) inclúe tres tipos de financiamento. As empresas poderán obter ata 2.500 euros para a implantación da RSE apoiándoas na obtención das certificacións de normas ou estándares nesta materia.

En segundo lugar, o tecido empresarial galego poderá optar a axudas de 2.500 euros para a implantación de plans de igualdade e, por último, actívanse axudas de entre 5.000 e 12.000 euros para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Este último programa inclúe incentivos económicos para o fomento do teletraballo e da flexibilidade horaria e para a adquisición de novas tecnoloxías para establecer nas pemes sistemas de teletraballo.

O programa Responsabilízate, pola súa banda, consiste en impulsar unha maior implantación da RSE nas pemes cun acompañamento real dunha persoa titora experta nesta materia que facilite este labor.

A Xunta, a través desta iniciativa, que se leva a cabo por primeira vez desde a Administración autonómica, ofrecerá ás empresas un servizo para estudar a posibilidade de implantación de RSE na súa xestión, para o cal analizará o estado, potencial competitivo e situación da RSE na súa compañía, formación para afondar no coñecemento e ferramentas nesta materia, así como axuda para a definición dun plan de acción, implantación e primeiras accións na materia. Só optarán a esta última parte do programa aquelas pemes que, unha vez diagnosticadas e formadas, presenten as maiores potencialidades para adoptar unha xestión nesta materia.

O impulso da RSE en pemes enmárcase na Axenda 20 para o emprego que ten entre os seus retos potenciar unha cultura empresarial de responsabilidade social, na cal a corresponsabilidade, a conciliación e a igualdade de oportunidades xoguen un papel determinante na mellora das condicións de calidade do emprego. Para iso, o Goberno galego incrementou este ano nun 8% o orzamento global destinado a responsabilidade social empresarial.

A Axenda 20 inclúe, así mesmo, a elaboración da Estratexia Galega de RSE 2016-2020, que actualmente está a deseñar o Goberno galego, coa que se busca darlle unha resposta aos novos retos e desafíos neste campo. O obxectivo é axudar ao tecido empresarial galego a mellorar a súa competitividade e sumar as accións que se impulsen desde a Administración autonómica coas novas tendencias nacionais e internacionais neste eido.

Premios RSE

Para impulsar tamén esta materia, a Xunta, ademais, convocou a segunda edición dos Premios RSE Galicia cos cales se recoñecen publicamente aquelas empresas galegas ou con centros de traballo en Galicia que implantan os principios e prácticas de responsabilidade social empresarial. O prazo de solicitude remata mañá.

Estes galardóns contan con tres categorías segundo o tamaño da compañía: pequena empresa para aquelas que contan ata con 50 persoas, inclusive; mediana empresa, máis de 50 e ata 250 traballadores e traballadoras, inclusive; e, por último, grande empresa para aquelas que ocupen a máis de 250 persoas.

O certame conta con catro modalidades ou recoñecementos: o ámbito social, o eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal e da promoción da igualdade de xénero.